

A Ruta do Viño da Ribeira Sacra recibirá a quen tiña un Ribeira Sacra na casa

O **Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra** propoñía unha semana dedicada ao brinde Día movemento viño D.O. Do **6 ao 13 de maio foise facendo este brinde colectivo** no que os participantes remitían fotos, brindando con viños da D.O. Ribeira Sacra. O obxectivo poñer en valor o traballo de viticultores e adegueiros.

Cos hastags #BrindisMovimientoVinoDO #BrindisDORS fóronse colgando na [páxina de Facebook da D.O. Ribeira Sacra](#) as fotos que se cinguían ás bases da convocatoria; a foto debía recoller unha botella da D.O. Ribeira Sacra e xesto de brinde. Entre as fotos recibidas houbo quen sinalou a súa procedencia e aquí destacamos a participación de xente de Barcelona e Cádiz que quixo compartir o seu brinde cos viños da D.O. Ribeira Sacra desde o seu lugar de confinamento.

As 3 fotos que máis "Me gusta" recibiron antes das 23.59 do día 13 de maio son as fotos premiadas neste concurso que pretende tamén abrir a posibilidade para gozar dos recursos da **Ruta do Viño da Ribeira Sacra** en canto os establecementos asociados vaian abrindo as súas portas.

Premios:

- Antía Pavón de Lalín. Comida ou cea nun restaurante da Ruta do Viño de Ribeira Sacra
- Flavia Payno de Bandeira. Aloxamento dunha noite e almorzo nun establecemento da Ruta do Viño de Ribeira Sacra.
- Adam Salgado de Leiro, Ourense. Visita guiada a adega da Ruta do Viño de Ribeira Sacra con cata completa dos seus viños.

O **C.R.D.O.R.S. agradece a participación neste brinde de adegas e particulares** que durante unha semana contribuíron a divulgar os viños da D.O. Ribeira Sacra coas súas imaxes. Entre o **18 ao 22 deste mes** publicáranse na [páxina de Facebook da D.O. Ribeira Sacra](#), as fotos que se enviaron e que non entraron a concurso, ben porque faltaba a botella ou o brinde. Deste xeito quérese agradecer tamén a implicación desas persoas que tiñan un Ribeira Sacra na casa.